

**REUNIÓN DA COMISIÓN 1ª,
INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN
XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**

Día: 04.04.2018

Hora: 10:30

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 4 de abril de 2018, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais

- 1.1 5967 (10/POC-001039)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 13 máis
Sobre a elaboración de estudos para coñecer os niveis de gas radón existentes nos edificios públicos dependentes da Xunta de Galicia, a súa periodicidade e os datos ao respecto, así como as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para reducir eses niveis
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 80, do 09.03.2017
- 1.2 21998 (10/POC-003563)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da situación na que se atopan os xulgados especiais de cláusulas chan e as medidas que ten previsto adoptar para facer fronte á carga de traballo que teñen
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 237, do 11.01.2018
- 1.3 22922 (10/POC-003775)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 7 máis
Sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para reforzar o apoio e a asistencia ás entidades locais para facilitar e mellorar o cumprimento das súas obrigas en materia de transparencia no referido á normativa básica estatal
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 246, do 24.01.2018
- 1.4 27618 (10/POC-004464)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre as xestións levadas a cabo polo Goberno galego diante do Ministerio do Interior para mellorar as condicións de traballo do persoal que presta servizos nos cárceres radicados na comunidade autónoma, así como para a transferencia á Xunta de Galicia das competencias en materia de asistencia sanitaria á poboación recluída neles

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 280, do 21.03.2018

Punto 2. Proposicións non de lei

2.1 18495 (10/PNC-001501)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas sentenzas de tribunais creados durante o franquismo e ditadas por motivos políticos, ideolóxicos ou de crenzas, así como as modificacións que debe introducir na Lei 52/2007, coñecida como Lei da memoria histórica, respecto das declaracións de reparación e recoñecemento persoal

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 194, do 17.10.2017

2.2 23834 (10/PNC-001886)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 7 máis

Sobre o impulso polo Goberno galego da celebración de cumios entre Galicia e Portugal en asuntos sectoriais e de carácter transfronteirizo

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 251, do 01.02.2018

2.3 26046 (10/PNC-002002)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 4 máis

Sobre a presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia dun informe do estado de cumprimento polas empresas e entidades de participación pública galegas das obrigas establecidas nos artigos 45 e 75 da Lei orgánica 3/2007, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, así como as actuacións que debe levar a cabo para a presenza equilibrada de mulleres nos consellos de administración das autoridades portuarias


Publicación da iniciativa, BOPG n.º 264, do 21.02.2018

2.4 27919 (10/PNC-002170)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e Santos Queiruga, Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación



coas prazas públicas de persoal de arquivos amortizadas e a creación das necesarias para a existencia dese servizo en todas as consellarías e entidades reflectidas na Lei 7/2014, de arquivos e documentos de Galicia, así como a desigualdade laboral e económica do persoal arquivista da comunidade autónoma

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 280, do 21.03.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2018

César Manuel Fernández Gil

Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Cesar Manuel Fernández Gil, na data 23/03/2018 14:12:23

**RELACIÓN DE MEMBROS DE
COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE
ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR
POR ORDE ALFABÉTICA**

Mesa

Presidente	
César Manuel Fernández Gil	P
Vicepresidenta	
María Julia Rodríguez Barreira	P
Secretaria	
Patricia Vilán Lorenzo	S

Vogais

Xosé Luís Bará Torres	BNG
Juan Manuel Díaz Villoslada	S
Jacobo Moreira Ferro	P
Antonio Mouriño Villar	P
María Isabel Novo Fariña	P
José Alberto Pazos Couñago	P
Paula Prado del Río	P
Carmen Santos Queiruga	EM
Luis Villares Naveira	EM

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 04.04.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 04.04.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 5967(10/POC-001039)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 13 máis

Sobre a elaboración de estudos para coñecer os niveis de gas radón existentes nos edificios públicos dependentes da Xunta de Galicia, a súa periodicidade e os datos ao respecto, así como as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para reducir eses niveis

Publicación da iniciativa, 80, 09.03.2017



Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga, Magdalena Barahona Martín, Luca Chao Pérez, Eva Solla Fernández, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez, Paula Quinteiro Araujo, Marcos Cal Ogando, Ánxeles Cuña Bóveda, Luís Villares Naveira, Manuel Lago Peñas, Antón Sánchez García e Francisco Casal Vidal, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

O radón é un gas radioactivo que procede da descomposición do uranio presente na corteza terrestre. Este tipo de gas acumúlase dentro de espazos interiores como as vivendas ou os lugares de traballo, impedindo deste xeito a súa liberación á atmosfera e sendo as súas partículas alfa radiactivas nocivas para os pulmóns. Diversos estudos, realizados a nivel mundial, demostraron que as persoas que viven en casas con un nivel elevado de radón teñen maior risco de sufrir cancro de pulmón. A Organización Mundial da saúde reconece ao gas radón como un canceríxeno humano dende o ano 1988.

Actualmente, a normativa española relacionada coa problemática do gas radón, afecta só ao ámbito laboral, mediante o RD 783/2001, modificado por RD 1439/2010 e Instrución IS-33 do Consello de Seguridade Nuclear. Dita instrución indica que os titulares de actividades laborais deberán determinar a exposición ao radón en lugares de traballo como: covas e galerías, establecementos termais e lugares de traballo subterráneos e non subterráneos, en áreas identificadas polos seus valores elevados de radón, entre outros. Ademais, a Directiva Europea 2013/59/EURATOM indica que non deben superarse os 300 Becquerelios/m³ en vivendas e lugares de traballo. Os Estados membros porán en vigor as



disposicións legais, regulamentarias e administrativas da anterior Directiva citada, a máis tardar o 6 de febreiro de 2018.

Galicia é a zona do Estado español máis exposta ao gas radón. O laboratorio de radón de Galicia levou a cabo máis de 3.411 medicións ao longo da xeografía galega, demostrando que o 12,1% delas superaban os 300 Becquerelios/m³, o máximo fixado pola Directiva Europea, sendo as provincias galegas máis afectadas Pontevedra e Ourense.

Polo exposto anteriormente, e visto a gran problemática que representa o gas radón para a saúde das persoas, formulamos as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

- 1.ª) Elabóranse en todos os edificios públicos, dependentes da Xunta de Galicia, estudos para coñecer os niveis de gas radón?, De ser o caso, cada canto tempo?
- 2.ª) Cantos edificios públicos da Xunta presentan niveis de gas radón por riba dos 200 Becquerelios/m³ e dos 300 Becquerelios/m³?
- 3.ª) Que accións está levando a cabo a Xunta de Galicia para reducir os niveis de gas radón nos edificios públicos afectados?

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 02/03/2017 16:14:18

Magdalena Barahona Martín na data 02/03/2017 16:14:27

Luca Chao Pérez na data 02/03/2017 16:14:40

Paula Vázquez Verao na data 02/03/2017 16:14:49

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 02/03/2017 16:14:53

Juan José Merlo Lorenzo na data 02/03/2017 16:14:57

Antón Sánchez García na data 02/03/2017 16:15:00

Eva Solla Fernández na data 02/03/2017 16:15:03

Paula Quinteiro Araújo na data 02/03/2017 16:15:06

Luis Villares Naveira na data 02/03/2017 16:15:11

José Manuel Lago Peñas na data 02/03/2017 16:15:15

Francisco Casal Vidal na data 02/03/2017 16:15:20

David Rodríguez Estévez na data 02/03/2017 16:15:27



Marcos Cal Ogando na data 02/03/2017 16:15:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2017 16:30
Nº Rexistro: 5967
Data envío: 02/03/2017 16:17:27.322

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 04.04.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 21998(10/POC-003563)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da situación na que se atopan os xulgados especiais de cláusulas chan e as medidas que ten previsto adoptar para facer fronte á carga de traballo que teñen

Publicación da iniciativa, 237, 11.01.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2018 13:27
Nº Rexistro: 21998
Data envío: 02/01/2018 13:27:38.849

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

O xulgado de reforzo para cláusulas chan de Vigo recibiu en pouco máis de 4 meses máis de 1.700 demandas, o que supón unha carga de traballo do dobre dun xulgado normal. Esta realidade, unida á insuficiencia de medios humanos, está a levar a unha situación de acumulación que vai ter como consecuencia un considerábel retraso na tramitación dos expedientes.

Este elevado volume de traballo levou ao xuíz decano de Vigo a solicitar a creación dun segundo xulgado, así como conceder unha persoa letrada da administración de xustiza xa que actualmente compártea co xulgado de primeira instancia número 14. Asemade, reclamou máis persoal para o xulgado de reforzo dada o grande volume de traballo e a complexidade dos asuntos que tramita.

Tendo en conta a actual carga de traballo, e se non se toman medidas como as sinaladas, a tramitación das demandas pode demorarse até mediados de 2019, ou máis alá desta data no caso de que haxa recursos.

Máis alá das causas desta situación, que teñen que ver coa nefasta xestión por parte do goberno do Estado e do goberno galego de todo o relacionado coas cláusulas chan, a lexislación hipotecaria e a resposta á sentenza do Tribunal de Xustiza da UE, as administracións públicas teñen que habilitar os medios para evitar que o colapso na



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2018 13:27
Nº Rexistro: 21998
Data envío: 02/01/2018 13:27:38.849

tramitación das demandas xere un novo prexuízo para as persoas que xa foron vítimas dos abusos da banca.

Ante esta situación fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

1. Que valoración fai o goberno galego da situación de colapso que se está a producir nos xulgados especiais de cláusulas chan, nomeadamente no de Vigo e A Coruña?
2. Que medidas prevé adoptar o goberno galego para facerlle fronte a esta situación?
3. Comparte a Xunta de Galiza as peticións formuladas polo xuíz decano de Vigo en relación coa situación do xulgado especial desta cidade?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2018 13:27
Nº Rexistro: 21998

Data envío: 02/01/2018 13:27:38.849

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 02/01/2018 13:26:34

María Montserrat Prado Cores na data 02/01/2018 13:26:40

Ana Pontón Mondelo na data 02/01/2018 13:26:41

Xosé Luis Rivas Cruz na data 02/01/2018 13:26:43

Olalla Rodil Fernández na data 02/01/2018 13:26:44

Noa Presas Bergantiños na data 02/01/2018 13:26:45

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 04.04.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 22922(10/POC-003775)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para reforzar o apoio e a asistencia ás entidades locais para facilitar e mellorar o cumprimento das súas obrigas en materia de transparencia no referido á normativa básica estatal

Publicación da iniciativa, 246, 24.01.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2018 11:50
Nº Rexistro: 22922
Data envío: 12/01/2018 11:50:58.036

Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Alberto Pazos Couñago, Antonio Mouriño Villar, Isabel Novo Fariña, César Fernández Gil, Diego Calvo Pouso, Julia Rodríguez Barreira e Jacobo Moreira Ferro, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Resulta evidente que nos últimos anos, a sociedade civil ten incrementado de maneira moi notable o seu nivel de esixencia en materia de transparencia pública.

A proliferación de supostos de corrupción no seo dos distintos estratos da administración do Estado, espertou unha alarma social que aconsellaba aos responsables públicos a toma de medidas para garantisen aos cidadáns maiores facilidades de acceso á información relevante, dotando así aos cidadáns de mellores ferramentas para controlar e valorar a acción de gobernos das distintas administracións.

Esta demanda social concreouse na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno, que xa no seu preámbulo sinalaba as tres vertentes sobre as que pretendía mellorar a actuación do conxunto da administración española: o incremento e reforzo na actividade pública, o recoñecemento e garantía do dereito de acceso á información, e o establecemento das obrigas de bo goberno que deben cumprir os responsables públicos.

A administración local non resulta allea a estas obrigas, que no seu caso concreto debían entrar en vigor e adquirir plena eficacia o 10 de decembro de 2015.

Consciente da dificultade que para algúns concellos, nomeadamente os de menor tamaño, podería supoñer o cumprimento destas obrigas, a Xunta de Galicia ofreceu a súa colaboración para implementar no ámbito local galego as medidas previstas polo lexislador.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Comisión:

-Que medidas ten tomado a Xunta de Galicia para reforzar o apoio e a asistencia ás entidades locais para facilitar e mellorar o cumprimento das súas obrigas en materia de transparencia na normativa básica estatal?

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2018 11:50
Nº Rexistro: 22922
Data envío: 12/01/2018 11:50:58.036**

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2.018.

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado Del Río na data 12/01/2018 11:42:20

Alberto Pazos Couñago na data 12/01/2018 11:42:50

Antonio Mouriño Villar na data 12/01/2018 11:43:00

María Isabel Novo Fariña na data 12/01/2018 11:43:29

César Manuel Fernández Gil na data 12/01/2018 11:43:40

Diego Calvo Pouso na data 12/01/2018 11:43:51

María Julia Rodríguez Barreira na data 12/01/2018 11:44:00

Jacobo Moreira Ferro na data 12/01/2018 11:44:15

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 04.04.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 27618(10/POC-004464)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre as xestións levadas a cabo polo Goberno galego diante do Ministerio do Interior para mellorar as condicións de traballo do persoal que presta servizos nos cárceres radicados na comunidade autónoma, así como para a transferencia á Xunta de Galicia das competencias en materia de asistencia sanitaria á poboación recluída neles

Publicación da iniciativa, 280, 21.03.2018



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

As restricións de persoal e a falta de traslados son factores principais que teñen incrementado as dificultades que se viven no Sistema Penitenciario e que afectan ao persoal que desenvolve o seu traballo neste ámbito. O progresivo envellecemento dos cadros de persoal (un total de 23.000 empregados públicos) que incrementa as taxas de xubilación e de pasas a segunda actividade (materia por certo sen regulamentación dende hai 17 anos) incrementa o deterioro dos parámetros de funcionamento dos nosos centros penitenciarios.

Ademais, as relacións de postos de traballo do Sistema Penitenciario presentan un 15 % de vacantes sen cubrir (uns 3.000 postos de traballo), que por outra parte veñen sendo obxecto de rotacións temporais mediante comisións de servizo que non permiten manter unha estrutura estable de traballo.

Así, a Administración Penitenciaria (dependente do Ministerio do Interior cando antes estaba adscrita ao de Xustiza, decisión de Goberno que reflicte distintos modelos de política penitenciaria) é un dos sectores máis opacos da nosa Administración pública.

A privatización dalgúns servizos non só ten afectado a actividades “instrumentais” (lavandería ou mantemento) senón tamén a servizos neuráxicos do Sistema Penitenciario como é a seguridade, que ao abeiro da Lei de seguridade privada permite ser prestada por empresas deste sector que pasan a se encargar da vixilancia do perímetro dos centros penitenciarios, unha política de seguridade que non deixa de crecer coas novas licitacións da Secretaría de Estado de Seguridade.

Por outra parte, o servizo de saúde que se presta aos internos é claramente deficiente; con un 15% de prazas sen cubrir no persoal sanitario deste sector hai centros nos que non se está podendo realizar os recoñecementos médicos establecidos por lei ou que durante os fins de semana queden sen servizo médico,



Grupo Parlamentario

sendo unha constante a dispensación de medicamentos para toda a semana dunha soa vez e sen que haxa control sanitario da súa dosificación.

Encóntrase así a institución penitenciaria nunha situación límite de precariedade.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

As organizacións sindicais están a demandar a necesaria equiparación interna entre os funcionarios dos centros penitenciarios que realizan o mesmo traballo, mediante a homologación dos distintos centros que responden a unha clasificación que obedecía a un contexto social e de política penitenciaria de hai 30 anos que ten mudado de forma substancial.

Así, e polo que corresponde a Galicia, onde prestan servizos preto de 2.000 funcionarios de institucións penitenciarias, os centros de Teixeira e A Lama están encadrados na categoría 1.1, cando os de Monterroso, Bonxe e Ourense son centros de categoría 2.2, o que determina que os funcionarios adscritos a estes centros galegos de distinta categoría perciben retribucións distintas para funcións análogas, ben de intervención, sanitaria, burocrática ou de vixilancia.

Polo exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que actuacións ten desenvolvido o Goberno galego perante o Ministerio do Interior para mellorar as condicións de traballo do persoal que presta servizos nos centros penitenciarios radicados en Galicia?

2ª) Que medidas ten adoptado o Goberno galego perante o Goberno central para a transferencia á Comunidade Autónoma da asistencia sanitaria á poboación reclusa nas institucións penitenciarias radicadas en Galicia?

Pazo do Parlamento, 7 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 08/03/2018 18:31:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2018 09:30
Nº Rexistro: 27618



Data envío: 08/03/2018 18:41:41.502



 **Grupo Parlamentario**

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/03/2018 18:31:12

Julio Torrado Quintela na data 08/03/2018 18:31:22

Noela Blanco Rodríguez na data 08/03/2018 18:31:28

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 04.04.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 04.04.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 18495(10/PNC-001501)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas sentenzas de tribunais creados durante o franquismo e ditadas por motivos políticos, ideolóxicos ou de crenzas, así como as modificacións que debe introducir na Lei 52/2007, coñecida como Lei da memoria histórica, respecto das declaracións de reparación e recoñecemento persoal

Publicación da iniciativa, 194, 17.10.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2017 16:30
Nº Rexistro: 18495
Data envío: 09/10/2017 14:00:07.140

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No presente ano 2017 cúmprense 81 anos do golpe de Estado contra o réxime democrático vixente no Estado español. Un levantamento militar que en Galiza foi orixe dunha cruenta e brutal represión ao longo dos anos da guerra e durante todo o período da Ditadura franquista.

A represión foi especialmente violenta nos anos da guerra e materializouse en Galiza no asasinato de máis de 5.000 persoas e noutras múltiples formas de violencia física: encarceramentos masivos, violacións, malleiras, rapado do cabelo, inxesta de aceite de ricino. Unha represión que se exerceu con caracteres especialmente violentos e machistas no caso das mulleres.

Nos anos da guerra e ao longo de toda a Ditadura franquista, a represión tivo outras múltiples manifestacións: depuración laboral, sancións económicas, expolio de bens, persecución ideolóxica, acoso psicolóxico, exclusión social, etc. A imposición violenta da ideoloxía, da moral, da educación e dos valores franquistas afectou a toda a sociedade e os seus efectos prolongáronse no tempo máis alá de 1975.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2017 16:30
Nº Rexistro: 18495

Data envío: 09/10/2017 14:00:07.140

2. As institucións públicas deben ter un posicionamento claro de condena do golpe de Estado do 36, da ditadura franquista e da brutal represión que sufriron miles de galegos e galegas ao longo dese terríbel período histórico.

Até o momento, a lexislación vixente no estado español non permitiu encarar de maneira global esta etapa escura da nosa historia, co obxecto de sacar a luz a verdade, facer xustiza e reparar as vítimas do terror, do silencio e do esquecemento.

As secuelas dese longo tempo de silencio seguen aínda abertas nas familias e na sociedade. E esta realidade é unha asignatura pendente para o presente e para o futuro colectivo. Porque unha democracia digna de tal nome non se pode construír sobre o esquecemento de quen loitou por valores e ideais que hoxe celebramos. Unha democracia digna de tal nome non se pode erguer deixando sepultadas nas cunetas, enterradas na foxa común do esquecemento as persoas que foron perseguidas e asasinadas por defender a liberdade, a xustiza e os dereitos de Galiza.

Aínda que xa pasaron máis de oito décadas, non é tarde para a reparación e para a xustiza. E non é tarde para acompañar as vítimas e as familias co consolo de restaurar a verdade e a honra. No caso do Parlamento e do goberno galego, existe ademais unha obriga clara a este respecto porque moitas persoas de ideoloxía republicana e galeguista que loitaron polo autogoberno e polo Estatuto foron obxecto de represión e persecución en forma de asasinato, cárcere, depuración e outras múltiples formas de violencia.

3. A chamada lei de memoria histórica de 2007, aínda que supuxo un avance con respecto ao marco legal anterior, non permitiu resolver moitas das obrigas dunha auténtica política da memoria histórica democrática. Unhas das que aínda fica pendente, e que non se pode adiar por máis tempo, é a da reparación de todas as persoas que foron



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2017 16:30
Nº Rexistro: 18495

Data envío: 09/10/2017 14:00:07.140

xulgadas e condenadas por tribunais ilegais, impostos polos militares que se levantaron en armas contra un réxime democrático e un goberno elixido nas urnas.

Este mandato aparece recollido no informe do relator especial da ONU Pablo de Greiff:

C. Anulación das sentenzas de tribunais creados durante a Guerra Civil e o franquismo

94. *O Relator Especial saúda as disposicións da Lei 52/2007 que recoñecen e declaran o carácter "radicalmente inxusto" e a ilexitimidade das condenas e sancións ditadas por motivos políticos, ideolóxicos ou de crenza polas xurisdicións especiais durante a Guerra Civil e por calquera tribunais ou órganos penais ou administrativos durante a ditadura. A Lei establece tamén que as vítimas destas inxustizas poderán solicitar a emisión de Declaracións de reparación e recoñecemento persoal. Malia estas disposicións, persisten reclamacións de vítimas e os seus familiares esixindo a reparación efectiva destas violacións, declarándose a nulidade destas sentenzas. A nulidade non representa só unha reparación simbólica, senón que terminaría os efectos legais destas sentenzas.*

95. *Algunhas fontes indicaron que tamén merecen anulación as sancións emitidas en aplicación da Lei de vagos e maleantes, que sexan adoptadas arbitrariamente polos tribunais para sancionar e condenar persoas polas súas opinións políticas, afiliación ou opinión.*

96. *A primeira nota da Avogacía Xeral do Estado, de 3 de novembro de 2004, sobre a posible revisión-nulidade de sentenzas ditadas durante a Guerra Civil e o período franquista, ofrece unha análise de antecedentes e de dereito comparado, facendo mención ao caso alemán. Nas súas conclusións, aínda que invoca os principios*



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2017 16:30
Nº Rexistro: 18495

Data envío: 09/10/2017 14:00:07.140

de seguridade xurídica, da cousa xulgada e de non retroactividade como unha gran dificultade, non descarta opcións para a nulidade das sentenzas, senón que ao contrario suscita dúas alternativas que deben ser consideradas en detalle.

97. O Relator Especial toma nota da única condena revisada polo Tribunal Supremo en 2007, no caso da execución de Ricardo Ponte Rodríguez, en virtude dun vicio de forma flagrante. O Relator Especial lamenta que outros recursos interpostos en casos similares non poderá ter éxito e que as autoridades xudiciais invoquen o principio de seguridade xurídica por encima dos dereitos das vítimas, o dereito á xustiza e os principios do debido proceso. Lamenta que o Goberno e o Poder Lexislativo non teñan aínda prestado suficiente atención a esta cuestión e que poidan predominar preocupacións de orde económica nesta decisión.

98. O Relator Especial saúda as Proposicións non de Lei que chaman á anulación das sentenzas que levaron ás execucións sumarias de recoñecidas figuras políticas (por exemplo, Lluís Companys, Manuel Carrasco i Formiguera e Alexandre Bóveda). Insiste, con todo, na importancia de establecer medidas que beneficien a todas as vítimas sen distinción. Neste sentido, saúda as disposicións da Lei Foral 33/2013 de Navarra que esixe ao Estado español a nulidade de todos os xuízos realizados por tribunais militares e/ou civís por causa de motivos políticos, incluíndo a anulación de senténcias tribunais especiais. O Anteproxecto de Lei de Memoria Democrática de Andalucía establece disposicións similares.

99. O Relator Especial alenta ao Estado a retomar canto antes esta análise e reitera a súa disposición para acompañar este proceso no marco do seu mandato. Recalca que estudos comparados doutras experiencias de países que enfrontaron retos similares, incluíndo no contexto europeo, como Alemaña, poden resultar sumamente proveitosos.

4. Desde o ano 2014 en que se fixo público o informe do relator especial da ONU sobre a promoción da verdade, a xustiza, a reparación e as garantías de non repetición producíronse avances na lexislación, especialmente por parte de comunidades autónomas, que incidiron sobre esta cuestión, tal como indica o relator da ONU no seu informe.

O exemplo máis recente é a Lei 11/2017 de reparación xurídica das vítimas do franquismo (aprobada unánimemente polo parlamento de Catalunya o 29 de xuño de 2017), que establece o seguinte:

De conformidade co conxunto do ordenamento xurídico, que inclúe normas tanto de dereito internacional como de dereito interno, decláranse ilegais os tribunais (...) que actuaron en Cataluña a partir de abril de 1938 ata decembro de 1978, por ser contrarios á lei e vulnerar os máis elementais esixencias do dereito a un xuízo xusto. E, en consecuencia, dedúcese a nulidade de pleno dereito, orixinaria ou sobrevida, de todas as sentenzas e resolucións das causas instruídas e dos consellos de guerra, ditadas por causas políticas en Cataluña polo réxime franquista.

5. Tendo en conta as normas do ordenamento xurídico internacional, as recomendacións da ONU e os antecedentes citados, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a

1. Demandar do goberno do Estado que se declaren nulas e sen ningún efecto xurídico as sentenzas de tribunais creados durante o franquismo e ditadas por motivos políticos, ideolóxicos ou de crenzas. Esta anulación permite superar o marco legal



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2017 16:30
Nº Rexistro: 18495
Data envío: 09/10/2017 14:00:07.140

actual, fixado na Lei 52/2007 de Memoria histórica, que establece o carácter “radicalmente inxusto” e a ilexitimidade das condenas e sancións ditas polas xurisdicións especiais durante a guerra civil e por calquera órgano penal ou administrativo durante a Ditadura.

2. Demandar ao goberno do Estado modificación da Lei 52/2007 coñecida como lei de Memoria histórica a respecto das Declaracións de reparación e recoñecemento persoal, por non constituír unha reparación axeitada. Esta modificación debe facerse no sentido do recoñecemento dos feitos e responsabilidades e a presentación de desculpas oficiais que vaian máis alá dun recoñecemento xenérico.”

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2017 16:30
Nº Rexistro: 18495
Data envío: 09/10/2017 14:00:07.140

Xosé Luis Bará Torres na data 09/10/2017 13:59:08

María Montserrat Prado Cores na data 09/10/2017 13:59:14

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/10/2017 13:59:17

Olalla Rodil Fernández na data 09/10/2017 13:59:19

Noa Presas Bergantiños na data 09/10/2017 13:59:21

Ana Pontón Mondelo na data 09/10/2017 13:59:30

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 04.04.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 23834(10/PNC-001886)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 7 máis

Sobre o impulso polo Goberno galego da celebración de cumios
entre Galicia e Portugal en asuntos sectoriais e de carácter
transfronteirizo

Publicación da iniciativa, 251, 01.02.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2018 12:38
Nº Rexistro: 23834
Data envío: 22/01/2018 12:38:01.150

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, Moisés Rodríguez Pérez, Isabel Novo Fariña, César Fernández Gil, Antonio Mouriño Villar, María Julia Rodríguez Barreira e Jacobo Moreira Ferro, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

Exposición de Motivos:

O 15 de maio de 2017, o Presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijoo asumiu a presidencia pro tempore da Comunidade de Traballo Galicia – Norte de Portugal. No decurso do Plenario, celebrado na cidade de Braga, fíxose efectivo o traspaso de poderes do Presidente da Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte de Portugal ao Presidente da Xunta de Galicia. O contido do seu discurso xa avanzaba algunhas das claves sobre os que ían ser os eixos da súa presidencia:

O primeiro obxectivo é avanzar no artellamento da Eurorrexión a través da mellora das infraestruturas. Para falar dun espazo xenuinamente común, é imprescindible ter unhas conexións que faciliten a mobilidade da poboación.

Esta aposta polas infraestruturas axudaranos a acadar o segundo obxectivo, que é potenciar a innovación e o crecemento económico.

A vertebración do territorio e o crecemento económico contribuirán a avanzar cara ao noso terceiro obxectivo estratéxico: a dinamización demográfica e o envellecemento activo. A Eurorrexión vai reclamar sempre ante Europa que a demografía sexa unha prioridade política que se reflicta nas políticas de cohesión. A resposta que deamos ao desafío demográfico perfilará a Europa do futuro.

Para vertebrar estes tres eixos, a Comunidade de Traballo Galicia – Norte de Portugal deberá orientar as súas actividades cara ao fomento e o desenvolvemento de proxectos e propostas a prol da cooperación transfronteiriza, en materias que sexan de especial interese e relevancia tanto para a nosa Comunidade Autónoma como para a Rexión Norte de Portugal.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2018 12:38
Nº Rexistro: 23834
Data envío: 22/01/2018 12:38:01.150

Un obxectivo que é de grande interese para este grupo, que xa levaba no programa electoral co que gañamos as eleccións de outubro de 2016 un apartado específico sobre relacións con Portugal no que se expresaba a intención de “*seguir afondando*” no noso “*modelo de cooperación transfronteiriza*” cos obxectivos, citados no noso programa, de “*favorecer o desenvolvemento económico conxunto da eurorrexión*” e de “*mellorar as condicións de vida dos cidadáns, nomeadamente os das zonas fronteirizas, a través da chamada ‘cooperación de proximidade’*”.

Por todo o anteriormente disposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a impulsar a celebración de cimeiras entre Galicia e Portugal en asuntos sectoriais de interese para ambas partes e de carácter transfronteirizo”.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 22/01/2018 12:29:41

Alberto Pazos Couñago na data 22/01/2018 12:29:56

Moisés Rodríguez Pérez na data 22/01/2018 12:30:05

César Manuel Fernández Gil na data 22/01/2018 12:30:15

Paula Prado Del Río na data 22/01/2018 12:30:18

Antonio Mouriño Villar na data 22/01/2018 12:30:30

María Isabel Novo Fariña na data 22/01/2018 12:30:54

María Julia Rodríguez Barreira na data 22/01/2018 12:31:04

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2018 12:38
Nº Rexistro: 23834
Data envío: 22/01/2018 12:38:01.150

Jacobo Moreira Ferro na data 22/01/2018 12:31:19

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 04.04.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.3 26046(10/PNC-002002)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 4 máis

Sobre a presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia dun informe do estado de cumprimento polas empresas e entidades de participación pública galegas das obrigas establecidas nos artigos 45 e 75 da Lei orgánica 3/2007, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, así como as actuacións que debe levar a cabo para a presenza equilibrada de mulleres nos consellos de administración das autoridades portuarias

Publicación da iniciativa, 264, 21.02.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2018 10:23
Nº Rexistro: 26046
Data envío: 13/02/2018 10:23:47.489



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Luisa Pierres López, María Dolores Toja Suárez, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Manuel Díaz Villoslada**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

Segundo unha análise dos datos aportados por cada empresa, e a data do 5 de febreiro de 2018, o 80 % das empresas públicas españolas aínda non conta co reparto que establece a Lei orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva de mulleres e homes, nos seus órganos de decisión, e logo de case once anos despois da súa aprobación.

De 137 entidades, 109 ignoran a norma e non contan nos seus órganos directivos cun mínimo do 40 % de mulleres. En 18 delas os seus conselleiros son todos homes.

Así, 112 entidades públicas non respectan o mínimo -seu Consello de Administración debería contar con, cando menos, un 40 % de representación de cada sexo- que marca a Lei de igualdade.

Exceptuando tres casos nos que a presenza de homes non chega a este mínimo (Efe, con sete mulleres e catro homes, Mercados de Abastecemento de Asturias y Tragsatec), no resto, 109 entidades, é o sexo feminino o infrarepresentado.

As empresas dispoñían de 8 anos dende a entrada en vigor da lei para conquistar ese equilibrio. O ano 2015 era, polo tanto, a data máxima. Aínda así, empresas como Paradores ou Renfe Operadora seguen tendo unha maioría abrumadora de homes nos seus consellos de administración.

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

O caso máis chamativo de todos é o da Autoridade Portuaria de Las Palmas, que ten 19 membros no Consello e ni un só deles é muller.

As autoridades portuarias dentro do ámbito español son as que contan con máis membros nos seus consellos de administración e ningunha delas cumpre o que a norma denomina “composición equilibrada”.

Encabezan a lista das entidades públicas por número de conselleiros e, pese a que teñen máis cadeiras que ocupar, ningunha das 27 analizadas pasa o listón: todas contan con máis dun 60% de homes nos seus consellos de administración.

No caso galego, das 4 autoridades portuarias, ningunha cumpre co principio de equilibrio.

Na de Vigo: 3 mulleres de 17, un 17,64 % de presenza de mulleres

Na de Coruña: 4 mulleres de 15, un 26,6 % de presenza.

Na de Arousa: 3 de 15, un 20 % de presenza.

Na de Marín-Pontevedra: 4 de 17, un 23,52 % de presenza.

Incumprindo todas elas o mínimo de presenza que asegure o principio de equilibrio nos consellos de administración, no caso das de Arousa e Vigo a situación é aínda máis grave dado que entre a propia Xunta de Galicia e Goberno do Estado, con algo máis do 40 % de presenza en todos os consellos de Galicia, aportan tan só 2 mulleres das 7 designacións dispoñibles nos casos de Arousa e Vigo.

Polo preocupante destas cifras e datos, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Presentar nesta Cámara, no prazo máximo de dous meses, un informe sobre o estado de cumprimento das empresas e entidades de participación públicas galegas suxeitas ás obrigas marcadas polos artigos 45 e 75 da Lei orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva de mulleres e homes.



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2. Poñer en marcha, de modo urxente, medidas para a presenza equilibrada de mulleres nos consellos de administración das catro autoridades portuarias de Galicia, e que actualmente incumpren tal obriga, por medio de tres vías:

- a) Incrementando o número de mulleres nomeadas por parte da Xunta de Galicia nos casos das autoridades portuarias de Vigo e Arousa.
- b) Demandando do Goberno do Estado a incrementar o número de mulleres nomeadas dentro dos cupos que lle corresponden en todos os casos.
- c) Instando aos propios órganos de dirección das autoridades portuarias para acadar a composición equilibrada de ámbolos dous sexos conforme dita a lei.

Pazo do Parlamento, 12 de febreiro de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López
María Dolores Toja Suárez
Juan Manuel Díaz Villoslada
Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Patricia Vilán Lorenzo
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 13/02/2018 10:03:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2018 10:23
Nº Rexistro: 26046
Data envío: 13/02/2018 10:23:47.489



Grupo Parlamentario

María Dolores Toja Suárez na data 13/02/2018 10:03:52

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 13/02/2018 10:03:58

Noela Blanco Rodríguez na data 13/02/2018 10:04:03

Julio Torrado Quintela na data 13/02/2018 10:04:09

Patricia Vilán Lorenzo na data 13/02/2018 10:04:14

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 13/02/2018 10:04:19

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/02/2018 10:04:21

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 04.04.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.4 27919(10/PNC-002170)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e Santos Queiruga, Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas prazas públicas de persoal de arquivos amortizadas e a creación das necesarias para a existencia dese servizo en todas as consellarías e entidades reflectidas na Lei 7/2014, de arquivos e documentos de Galicia, así como a desigualdade laboral e económica do persoal arquivado da comunidade autónoma

Publicación da iniciativa, 280, 21.03.2018



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a través dos seus deputados **Luís Villares Naveira e Carmen Santos Queiruga**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento desta Cámara presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 1.^a**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A lei 7/2014 de 26 do setembro de arquivos e documentos de Galicia, aprobou a primeira lei de arquivos de Galicia. Hoxe só 3 consellerías contan con persoal arquivístico, a pesar de que todas as consellerías e xefaturas territoriais deberían dispor deste persoal.

No seu artigo 13 dita lei recolle as clases de arquivos públicos integrados por aqueles documentos que producen as administracións públicas e as entidades instrumentais, diferenciando arquivos de xestión, centrais e intermedios e históricos.

No artigo 14 recolle o persoal arquivero, técnico e administrativo suficiente para cubrir as necesidades do servizo, que realizarán persoas con titulación universitaria e formación en materia de arquivos ou documentación.

Recóllese no artigo 15.5 sobre as infraestruturas e orzamentos, que establece que non poderá basearse a denegación de acceso aos documentos dun arquivo público na falta de instalacións axeitadas ou de dispoñibilidade orzamentarias.



Tanto arquivos públicos como arquivos privados conforman o sistema de arquivos de Galicia segundo os artigos 30 e 31, que recollen respectivamente os arquivos que compoñen este sistema e os requisitos e efectos da pertenza a dito sistema, entre o que destacaremos o 31.3.c) en canto a requisitos técnicos din que todos os arquivos do Sistema de Arquivos de Galicia teñen que cumprir uns requisitos técnicos, e en especial (...) dispoñer do persoal suficiente e cualificado desde o punto de vista técnico e profesional. É a consellería competente en materia de arquivos e patrimonio documental o órgano encargado da dirección e coordinación do exercicio das competencias da Xunta de Galicia sobre o Sistema de Arquivos de Galicia. É o órgano de dirección do Sistema de Arquivos de Galicia ao que lle corresponde a elaboración de programas arquivísticos e plans sobre formación permanente dos profesionais do Sistema de Arquivos de Galicia.

O artigo 37 establece a necesidade de arquivos de xestión e centrais en cada órgano da Administración da Comunidade Autónoma, así como nos órganos de dirección e administración do resto de entidades de organismos autónomos, axencias de dereito público ou privado, sociedades do sector público autonómico, fundacións do sector público galego, corporacións de dereito público con sede en Galicia, os arquivos xerais territoriais, o arquivo do Reino de Galicia, e os arquivos históricos provinciais de Lugo, Ourense e Pontevedra e o Arquivo de Galicia. Ademais existirán arquivos centrais en cada consellería e opcionalmente un arquivo xeral territorial en cada xefatura e tamén nos organismos con personalidade xurídica propia. En cada arquivo central existirá unha persoa do corpo facultativo superior de arquivos, segundo o plan da disposición transitoria segunda, igual que en cada arquivo xeral territorial, no arquivo do Reino de Galicia, a fronte dos arquivos históricos provinciais e á fronte so Arquivo de Galicia. No tocante aos arquivos de concellos e deputacións os primeiros poden contratar mancomunadamente unha persoa arquivista ou máis para dar servizo a



todos os concellos integrantes a mancomunidade, e as segundas terán que ter á fronte unha arquivreira con titulación universitaria.

A Lei de arquivos e documentos estrutura o Sistema de arquivos da Xunta de Galicia, para garantir a custodia e acceso á información que en aras da transparencia e bo goberno, e un axeitado control por parte da cidadanía son o xerme das sociedades democráticas, así como a custodia do patrimonio cultural que en si mesmos se converten os documentos, idiosincrasia e cultura dun pobo. No ano 2014 iniciouse o Plan de transferencias, para a creación das prazas de persoal arquivreiro así como a redución de gastos en custodias externalizadas, segundo resposta dada por a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en resposta a unha pregunta de En Marea sobre o cumprimento desta lei 7/2014 e a equiparación das condicións económicas do persoal de arquivos da Xunta cos de outras institucións arquivísticas galegas e de España. Nela maniféstase que no tocante ao aspecto económico a remuneración salarial é inferior debido aos niveis mínimos do grupo A1 e A2. A Xunta de Galicia oculta que os niveis de ditos persoal está no nivel 16 para o grupo A2 cando noutras Relacións de Postos de Traballo esta sitúase no nivel 18 ou 20. Tamén é certo que as retribucións se establecen en función dos complementos, e non é menos certo que os complementos de destino son inferiores aos de outros profesionais coa mesma cualificación e desenvolvendo as mesmas tarefas co que se produce unha situación de desigualdade que hai que corrixir.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte **PROPOSICIÓN NON DE LEI** para o seu debate na Comisión 1.^a

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:



1. Convocar unha oferta de emprego público de persoal de arquivos que se levan amortizadas en arquivos, bibliotecas, e nomeadamente a creación de todas aquelas prazas para a existencia de arquivos en todas as consellerías, entidades, axencias, etc.. recollidas na Lei 7/2014 e que inda están por crear.
2. Convocar todas aquelas prazas de persoal de arquivos segundo se establece na lei 7/2014, con expresa mención do temario para concorrer a cada posto de traballo así como a posibilidade de facer carreira dentro da profesión de persoal arquivista.
3. Corrixir a situación de desigualdade laboral e económica do persoal de arquivística de Galicia, establecendo os mesmos complementos de destino e específicos para todo o persoal de arquivistas.
4. Realizar unha Relación de Postos de Traballo equivalente á do persoal de arquivística do Estado en condicións de igualdade e sen cambios de circunstancias nas condicións laborais que impliquen unha maior penosidade na realización das mesmas tarefas.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Carmen Santos Queiruga

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2018 13:45
Nº Rexistro: 27919
Data envío: 14/03/2018 13:45:54.732



Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 14/03/2018 13:45:18

Carmen Santos Queiruga na data 14/03/2018 13:45:26